

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

15614 Orde PCI/1188/2018, do 15 de novembro, para o establecemento do sistema de inspeccións do cumprimento da normativa sobre protección marítima no ámbito portuario.

O Real decreto 1617/2007, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para a mellora da protección dos portos e do transporte marítimo, desenvolve unha serie de medidas orientadas a aumentar a protección das persoas, infraestruturas e equipamentos nos portos españois fronte á ameaza de sucesos ou actos ilícitos deliberados que afecten a protección marítima. Esta norma incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2005, sobre mellora da protección portuaria, e desenvolve as medidas que nela se recollen, en particular as relacionadas co establecemento dunhas medidas de protección portuaria aplicables ao sistema portuario español, a definición dun mecanismo para a aplicación desas medidas e, por último, en relación co obxecto desta orde ministerial, o deseño e implantación dos adecuados mecanismos de monitorización do seu cumprimento, permitindo que cada Estado membro estenda esta protección tamén ás zonas adxacentes aos portos. Así mesmo, inclúe diversos aspectos que facilitan a harmonización das disposicións incluídas no Regulamento (CE) n.º 725/2004 do Parlamento e do Consello, do 31 de marzo de 2004, relativo á mellora da protección dos buques e das instalacións portuarias, coas da citada Directiva 2005/65/CE, do 26 de outubro, en especial na determinación dos órganos competentes para a aplicación das medidas previstas nelas.

Sendo necesario o establecemento dun sistema de inspeccións como mecanismo de supervisión do cumprimento da normativa sobre protección marítima, que, ademais, favoreza a súa continua mellora e o fomento da cooperación entre os diferentes organismos implicados, a disposición derradeira terceira do citado Real decreto 1617/2007, do 7 de decembro, establece que, tendo en conta que en materia de protección marítima interveñen competencias de diferentes entidades e organismos, os ministros de Fomento e do Interior aprobarán, dentro das súas competencias, as normas precisas para o seu desenvolvemento e aplicación, entre as cales, conforme o previsto no artigo 22, se encontra a presente orde ministerial conxunta para regular os seguintes aspectos do sistema de inspeccións: os requisitos mínimos de capacidade, funcións e responsabilidades dos inspectores; o procedemento de recoñecemento e acreditación dos inspectores; as normas xerais de funcionamento do sistema de inspeccións; o plan de formación para os inspectores; o procedemento de tramitación e control documental dos informes correspondentes; e os procedementos para garantir a confidencialidade da información relativa ás inspeccións.

Na estrutura da orde ministerial, o capítulo I establece o obxecto e ámbito de aplicación da propia orde e determinadas definicións en coherencia coas establecidas no Regulamento (CE) n.º 324/2008 da Comisión, do 9 de abril de 2008, polo que se fixan os procedementos revisados para as inspeccións da Comisión no ámbito da protección marítima. O capítulo II establece o modelo organizativo do sistema de inspeccións, no cal destaca a creación dun comité interministerial encargado de coordinar as actuacións entre os diferentes órganos e organismos con competencias na implantación e control da aplicación da normativa de protección marítima. No capítulo III regúlase o desenvolvemento da actividade inspectora e, por último, a parte final desta orde inclúe tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria, en relación co réxime sancionador, e dúas disposicións derradeiras.

A presente norma adécuase aos principios de boa regulación de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Canto ao principio de proporcionalidade, a norma contén a regulación imprescindible para garantir a supervisión da implantación da normativa sobre protección marítima. Así mesmo, o proxecto de orde garante o principio de seguranza xurídica, aliñando o ordenamento xurídico nesta materia coas disposicións da Unión Europea.

Canto á tramitación desta norma, foron consultadas as comunidades autónomas que se poderían ver afectadas. Así mesmo, solicitouse o informe do anterior Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais nos termos previstos no artigo 26.5, parágrafo sexto, da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento e do ministro do Interior, coa aprobación previa do anterior ministro de Facenda e Función Pública e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O obxecto desta orde é regular un sistema de inspeccións para garantir a supervisión periódica da implantación da normativa sobre protección marítima en todos os portos e instalacións portuarias incluídos no ámbito de aplicación desta norma.

2. Esta orde aplicarase a todos os portos situados en territorio español e, se for o caso, nas zonas adxacentes a eles que se determinen, que alberguen unha ou máis instalacións portuarias, incluíndo as instalacións náuticas, varadoiros ou estaleiros, que presten servizo:

a) Aos seguintes tipos de buques dedicados a viaxes internacionais:

1.º Buques de pasaxe, incluídas as naves de pasaxe de gran velocidade.

2.º Buques de carga, incluídas as naves de gran velocidade, de arqueado bruto (GT) igual ou superior a 500.

3.º Unidades móbiles de perforación mar fóra.

b) Aos buques de pasaxe dedicados ao tráfico nacional pertencentes ás clases A e B, segundo a definición do Real decreto 1247/1999, do 16 de xullo, sobre regras e normas de seguranza aplicables aos buques de pasaxe que realicen travesías entre portos españois, e ás súas compañías.

3. Esta orde tamén se aplicará ás instalacións situadas fóra dos portos e que se encontren suxeitas ao cumprimento das disposicións do Regulamento (CE) n.º 725/2004 do Parlamento e do Consello, do 31 de marzo de 2004, relativo á mellora da protección dos buques e das instalacións portuarias.

4. Esta orde non se aplicará:

a) Aos portos, bases, estacións, arsenais e instalacións navais de carácter militar.

b) Á actividade das Forzas e Corpos de Seguranza do Estado que, no ámbito das súas competencias, se leva a cabo en portos e instalacións portuarias.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos da presente orde, enténdese por:

a) Observación: un achado realizado durante unha inspección e sustentado en probas obxectivas.

b) Probas obxectivas: os datos, rexistros ou resultados cuantitativos ou cualitativos referentes á protección marítima ou á existencia e aplicación dunha disposición do Real decreto 1617/2007, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para a mellora da protección dos portos e do transporte marítimo ou do Regulamento (CE) n.º 725/2004, do 31 de marzo, baseados en observacións, medicións ou ensaios e susceptibles de verificación.

c) Incumprimento: unha situación observada en que as probas obxectivas revelan unha vulneración do prescrito no Real decreto 1617/2007, do 7 de decembro, ou no Regulamento (CE) n.º 725/2004, do 31 de marzo, que exige adoptar medidas correctoras.

d) Incumprimento grave: unha discrepancia identificable que constitúe unha ameaza grave para a protección marítima e exige medidas correctoras inmediatas, e que inclúe unha inobservancia efectiva e sistemática dalgunha prescrición do Real decreto 1617/2007, do 7 de decembro, ou do Regulamento (CE) n.º 725/2004, do 31 de marzo.

e) Ensaio: unha proba das medidas de protección marítima en que se simula unha tentativa de acto ilícito co fin de comprobar a eficiente implantación das medidas de protección existentes.

CAPÍTULO II

Sistema de inspeccións

Artigo 3. *Definición e finalidade do sistema de inspeccións.*

1. O sistema de inspeccións do cumprimento da normativa sobre protección marítima está constituído polo conxunto de normas, órganos, persoal e medios materiais, incluídos os informáticos, que contribúen ao adecuado cumprimento da normativa europea sobre protección marítima, ao establecer o mecanismo de supervisión do cumprimento da normativa sobre protección marítima.

2. O principal obxectivo do sistema de inspeccións é avaliar por medio de inspeccións regulares e periódicas, dentro do calendario establecido, os seguintes aspectos:

a) A implantación dos plans de protección das instalacións portuarias e dos portos suxeitos á normativa de protección marítima.

b) O exercicio das funcións atribuídas ás autoridades de protección portuaria, entre as cales se encontra controlar o cumprimento da normativa de protección marítima das instalacións en réxime de concesión.

Artigo 4. *Competencias sobre o sistema de inspeccións.*

1. A Secretaría Xeral de Transporte, na súa calidade de autoridade nacional competente para a protección marítima, segundo o artigo 4.1 do Real decreto 1617/2007, do 7 de decembro, ten como función a supervisión da aplicación das medidas de protección previstas no citado real decreto e no resto da normativa que sexa de aplicación.

2. O desenvolvemento, implantación e aplicación do sistema de inspeccións sobre implantación dos plans de protección das instalacións portuarias e dos portos regulado nesta orde corresponde a Puertos del Estado no ámbito dos portos de interese xeral, nas instalacións portuarias situadas na zona de servizo deles e, se for o caso, nas zonas adxacentes a eles que se determinen, de conformidade co establecido na disposición adicional primeira do Real decreto 1617/2007, do 7 de decembro.

3. O desenvolvemento, implantación e aplicación do sistema de inspeccións sobre implantación dos plans de protección das instalacións portuarias e dos portos de competencia autonómica e instalacións situadas fóra de porto, suxeitos a esta norma, será aprobado pola Secretaría Xeral de Transporte do Ministerio de Fomento, en virtude da competencia atribuída no artigo 4 do Real decreto 1617/2007, do 7 de decembro, por proposta do Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria.

Artigo 5. *Creación do Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria.*

Créase o Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria, ao abeiro do previsto no artigo 22 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, adscrito ao Ministerio de Fomento a través da Secretaría Xeral de Transporte.

Artigo 6. *Obxecto e funcións do Comité.*

1. O obxecto do Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria é a adopción das medidas necesarias para coordinar as actuacións que deriven do exercicio das competencias do Ministerio de Fomento e do Ministerio do Interior en relación coas súas funcións e responsabilidades respecto á normativa de protección marítima para o control e mellora do sistema de inspeccións.

2. Para o cumprimento de tal fin, o Comité realizará as seguintes funcións:

a) A planificación anual da actividade de inspección que se vai realizar, establecendo os elementos principais da actividade de inspección para o control da aplicación da normativa de protección marítima, así como o seguimento e rexistro da actividade inspectora realizada.

b) A aprobación dos procedementos do sistema de inspeccións, así como as súas revisións periódicas para adoptar os cambios precisos para melloralo.

c) O intercambio e coordinación de información cos órganos e entidades representados no Comité, e con calquera outro relacionado cos seus fins.

d) A promoción e formación de grupos de traballo, integrados por membros do propio Comité, sobre temas relacionados co sistema de inspeccións.

e) O apoio e asesoramento ao secretario xeral de Transporte nas funcións relativas ao obxecto desta orde ministerial.

f) A proposta ao secretario xeral de Transporte para a súa aprobación do desenvolvemento, implantación e aplicación do sistema de inspeccións sobre implantación dos plans de protección das instalacións portuarias e dos portos no ámbito dos portos de competencia autonómica e instalacións situadas fóra de porto suxeitos a esta norma.

g) A proposta ao secretario xeral de Transporte dos inspectores que realizarán as inspeccións nos portos de competencia autonómica e instalacións situadas fóra de porto suxeitos a esta norma.

Artigo 7. *Composición do Comité.*

1. O Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria estará integrado polo presidente, os vogais e o secretario.

2. O presidente, cuxo rango non será superior ao de director xeral, será designado polo secretario xeral de Transporte por proposta de Puertos del Estado.

Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do presidente, exercerá a presidencia o vogal representante de Puertos del Estado.

3. O secretario será designado polo Comité por proposta do presidente e, se non for membro do Comité, asistirá ás súas reunións con voz pero sen voto.

4. Os vogais serán os seguintes:

a) Un representante da Secretaría Xeral de Transporte.

b) Un representante da Dirección Xeral da Mariña Mercante.

c) Un representante de Puertos del Estado.

d) Un representante do Gabinete de Coordinación e Estudos da Secretaría de Estado de Seguridade.

e) Un representante do Centro Nacional de Protección de Infraestruturas e Ciberseguridade.

f) Un funcionario da Policía Nacional.

g) Un membro da Garda Civil.

Os vogais serán designados polos órganos ou entidades que representen. No caso dos sinalados nas alíneas f) e g) anteriores, serano polos seus respectivos directores xerais. Por cada vogal titular poderase designar un suplente que desempeñe a súa representación nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade.

As comunidades autónomas que contén con portos e instalacións da súa competencia suxeitos a esta norma poderán designar un representante con voz pero sen voto. A persoa designada como representante non pode formar parte das entidades xestoras dos portos que poidan ser obxecto de inspección.

5. Nas reunións do Comité poderase requirir, en relación cun asunto que se vaia tratar, o asesoramento técnico e a colaboración de representantes doutros centros, organismos, entidades ou, en xeral, calquera persoa cuxa opinión poida resultar de utilidade en relación con ese asunto.

Artigo 8. *Normas de funcionamento do Comité.*

Este comité terá carácter permanente e adaptará o seu funcionamento e o réxime de acordos, no non previsto nesta orde, ao disposto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como ás normas de funcionamento específicas que aprobe.

En caso de empate, decidirá as votacións do Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria a persoa que ocupe a Presidencia.

Artigo 9. *Ausencia de gasto.*

Todos os membros do Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria exercerán as súas competencias e cumpriran coas súas responsabilidades sen percibiren a cambio ningún tipo de retribución.

A asistencia ás sesións do órgano por parte dos seus membros ou dos profesionais expertos en ningún caso dará lugar á percepción de retribucións ou indemnizacións.

Así mesmo, as necesidades derivadas do seu funcionamento serán atendidas cos medios persoais e materiais de Puertos del Estado, sen que isto supoña incremento do gasto público.

Artigo 10. *Equipos de inspección.*

1. O nomeamento dos equipos de inspección será realizado de acordo co procedemento establecido polo Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria. Os equipos estarán dirixidos por un inspector que actuará como xefe do equipo da inspección (en diante xefe de inspección), que será o responsable de xestionar todas as fases da inspección e de elaborar e asinar o informe asociado.

No caso de que o equipo de inspección estea formado por varios inspectores, o órgano ou organismo competente para o desenvolvemento, implantación e aplicación do sistema de inspeccións designará o xefe de inspección que, neste caso, tamén coordinará a actividade dos inspectores.

2. No ámbito dos portos de interese xeral, nas instalacións portuarias situadas na zona de servizo destes e, se for o caso, nas zonas adxacentes a eles que se determinen, corresponde o exercicio das funcións de inspección ao persoal de Puertos del Estado designado para tal efecto, que poderá contar co apoio de inspectores debidamente acreditados e formados de autoridades portuarias, sempre que non formen parte do organismo portuario inspeccionado.

O persoal de Puertos del Estado e das autoridades portuarias designado para realizar as funcións de inspección gozará de total independencia respecto dos órganos xestores dos portos obxecto de inspección, sen prexuízo de manter a máis estreita colaboración con eles para o mellor desempeño das súas tarefas e o cumprimento dos seus obxectivos, e desenvolverá estas funcións con imparcialidade.

3. No ámbito dos portos de titularidade autonómica e instalacións situadas fóra de porto suxeitos a esta norma, será a Secretaría Xeral de Transporte do Ministerio de Fomento, como autoridade competente en materia de protección marítima, quen determinará os inspectores que realizarán as actividades inspectoras por proposta do Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria e logo de consulta ás comunidades autónomas con portos ou instalacións da súa competencia suxeitos a esta norma.

4. Poderán formar parte tamén dos equipos de inspección colaboradores/expertos cando isto poida repercutir nunha mellora do sistema de inspeccións e do coñecemento da protección marítima nacional, e sempre que o fagan na súa condición de funcionario ou empregado público.

Poderán ser colaboradores/expertos:

- a) Persoal da Dirección Xeral da Mariña Mercante.
- b) Persoal do Centro Nacional de Protección de Infraestruturas e Ciberseguridade.
- c) Membros da Policía Nacional.
- d) Membros da Garda Civil.
- e) Membros do comité consultivo de protección do porto sempre que non formen parte da entidade xestora do porto inspeccionado, ou membros doutros organismos, sempre que cumpran co procedemento de recoñecemento e acreditación correspondente.

En todos estes casos deberá ser solicitada ao órgano ou organismo competente para o desenvolvemento, implantación e aplicación do sistema de inspeccións a participación nos equipos de inspección polo representante correspondente dentro do Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria, salvo no caso dos membros do comité consultivo de protección do porto, cuxa participación deberá ser solicitada polo presidente do dito comité consultivo.

O persoal do Centro Nacional de Protección de Infraestruturas e Ciberseguridade poderá formar parte do equipo de inspección en calidade de inspector naqueles portos que fosen catalogados como críticos ou naqueles en que existan infraestruturas catalogadas como críticas segundo a Lei 8/2011, do 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas, logo de solicitude ao Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria efectuada polo representante nel deste centro nacional.

5. Cada órgano ou entidade participante nos equipos de inspección asumirá os gastos que lle ocasione esa participación.

Artigo 11. *Asesores técnicos.*

1. O órgano ou organismo responsable da inspección poderá acordar, por solicitude do equipo inspector, que acompañen o equipo asesores técnicos de inspección para daren soporte nunha parte determinada da inspección, ben para cubrir un coñecemento fóra do alcance do inspector ou equipo de inspección ben por unha necesidade específica da inspección, asumindo o referido órgano ou organismo os gastos ocasionados por esta participación.

No caso de ser necesario o acceso dos asesores técnicos ás instalacións obxecto de inspección, o xefe do equipo de inspección solicitará á entidade xestora do porto inspeccionado a correspondente autorización.

2. Os asesores técnicos deberán cumprir cos requisitos técnicos necesarios para aquela actividade para que foron solicitados polo equipo inspector e que se definirán dependendo da tarefa que se vaia cubrir dentro da inspección. Así mesmo, deberán gardar o debido sigilo e confidencialidade sobre todos os asuntos relacionados coa inspección.

Artigo 12. *Requisitos mínimos de capacidade dos membros do equipo de inspección.*

1. Os inspectores deberán contar coa preparación, formación e experiencia adecuada nos seguintes aspectos:

- a) Lexislación vixente en materia de protección marítima e, especialmente, a que se aplica a portos e instalacións portuarias.

- b) Operacións portuarias obxecto de inspección.
- c) Tecnoloxías e técnicas de protección marítima.
- d) Infraestruturas críticas e outras normativas complementarias que afecten a protección marítima.
- e) Principios, procedementos e técnicas de inspección.

Os inspectores deberán realizar e completar satisfactoriamente un plan de formación e obter a correspondente acreditación a que se refire o artigo seguinte.

2. Os colaboradores/expertos deberán ter coñecementos básicos sobre os mesmos aspectos indicados para os inspectores, especialmente sobre a lexislación vixente en protección marítima, coñecementos prácticos sobre tecnoloxías e técnicas de protección marítima, e operacións que serán inspeccionadas, así como unha sólida formación e/ou experiencia no seu ámbito de actuación.

Artigo 13. *Acreditación e formación dos membros do equipo de inspección.*

O órgano ou organismo competente para o desenvolvemento, implantación e aplicación do sistema de inspeccións outorgará a correspondente acreditación aos membros do equipo de inspección de acordo co procedemento de formación e acreditación establecido polo Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria, que incorporará as medidas de control de seguranza correspondentes.

Esta acreditación permitirá aos equipos de inspección, durante o exercicio das súas funcións, teren acceso a todas as dependencias que sexa preciso inspeccionar, incluídas as zonas restrinxidas dos portos e instalacións.

Puertos del Estado manterá unha base de datos actualizada dos inspectores e colaboradores/expertos acreditados. Nesta lista constarán os seus datos, a formación específica de protección que posúen e as inspeccións en que interviñeron.

Artigo 14. *Responsabilidades dos membros dos equipos de inspección.*

Son responsabilidades comúns para todos os membros do equipo de inspección as seguintes:

- a) Desenvolver as funcións asignadas de maneira efectiva, obxectiva, ética e eficiente.
- b) Gardar o debido sigilo e confidencialidade de todos aqueles datos ou feitos de calquera natureza que coñecesen durante o proceso de inspección, así como de calquera aspecto relacionado coa inspección.
- c) Cumprir cos requisitos de prevención de riscos laborais do porto ou instalación portuaria en que realicen a inspección.

Artigo 15. *Funcións dos membros dos equipos de inspección.*

Cada un dos integrantes do equipo de inspección ten as seguintes funcións propias:

- a) Inspector.

1.º Verificar a implantación dos plans de protección dos portos e instalacións portuarias obxecto de inspección, así como o cumprimento das funcións atribuídas ás autoridades de protección portuaria, entre as cales se encontra controlar o cumprimento da normativa de protección marítima das instalacións en réxime de concesión.

2.º Se for preciso, e baixo asignación explícita por parte do Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria, será función dos inspectores comprobar *in situ* a implantación das accións correctoras das deficiencias detectadas, tanto nas inspeccións nacionais como nas inspeccións realizadas pola Comisión Europea.

- 3.º Colaborar co xefe de inspección na elaboración do informe de inspección.

Os inspectores do Centro Nacional de Protección de Infraestructuras e Ciberseguridade, se os houber, deberán emitir as observacións que coiden oportunas e que quedarán recollidas no informe de inspección, e terán carácter determinante aquelas que correspondan ao ámbito das súas competencias, de tal forma que deberá motivarse cando o resultado do informe se aparte do indicado nelas.

b) Colaboradores/expertos.

1.º Integrarse no equipo de inspección e emitir as observacións que consideren oportunas e que quedarán recollidas no informe de inspección, e terán carácter determinante aquelas que correspondan ao ámbito das súas competencias, de tal forma que deberá motivarse cando o resultado do informe se aparte do indicado nelas.

2.º Revisar e formular observacións, suxestións ou consideracións sobre o informe de inspección no que afecte as súas competencias.

Artigo 16. *Funcións dos asesores técnicos.*

Os asesores técnicos que, se for o caso, acompañen o equipo de inspección terán as seguintes funcións:

- a) Realizar as actividades explicitamente asignadas polo xefe de inspección.
- b) Emitir informes específicos a petición do xefe de inspección.
- c) Revisar e formular observacións, suxestións ou consideracións sobre o informe da inspección (ou parte del) se for requirido polo xefe de inspección.

CAPÍTULO III

Organización e desenvolvemento da actividade inspectora

Artigo 17. *Estrutura organizativa do sistema de inspeccións.*

O sistema de inspeccións ordénase nos dous niveis seguintes:

- a) Primeiro nivel de planificación, que será levado a cabo polo Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria.
- b) Segundo nivel, de carácter principalmente operativo, no cal os equipos de inspección realizarán todas as actuacións inspectoras previamente planificadas polo Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria e que serán posteriormente analizadas polo órgano ou organismo competente para o desenvolvemento, implantación e aplicación do sistema de inspeccións.

Artigo 18. *Tipos e actividades de inspección.*

As inspeccións poderán ser:

- a) Inspección física ou *in situ*. É aquela que supón un desprazamento ao porto ou instalación portuaria obxecto de inspección para realizar o control da implantación da normativa de protección marítima tanto do porto como das instalacións portuarias.
- b) Inspección remota ou de monitorización. É aquela que non require dun desprazamento ao porto ou instalación portuaria obxecto de inspección.

Ambos os tipos de inspección requiren dunha notificación previa á autoridade de protección portuaria obxecto de inspección.

Artigo 19. *Fase de planificación.*

A planificación, que levará a cabo o Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria, terá carácter anual e realizarase preferentemente durante o mes de novembro do ano en curso, co obxecto de establecer os elementos principais da actividade

de inspección da aplicación da normativa de protección marítima que se realizará durante o ano seguinte.

Artigo 20. *Fase de preparación da inspección física.*

1. O órgano ou organismo competente para o desenvolvemento, implantación e aplicación do sistema de inspeccións notificará a inspección á autoridade de protección portuaria que corresponda, cunha anticipación mínima de corenta e cinco días. O contido da notificación será o seguinte:

- a) O alcance da inspección, o porto e as instalacións portuarias obxecto de inspección.
- b) O calendario de inspección.
- c) Os nomes dos membros do equipo de inspección, incluíndo o nome do xefe de inspección que actuará como enlace principal coa autoridade de protección portuaria. No suposto de que se refira a compoñentes das Forzas e Corpos de Seguraza do Estado, a identificación efectuarase mediante o número da súa tarxeta de identidade profesional.
- d) A solicitude de información adicional, se for o caso, que deberá ser facilitada no prazo en indicado.
- e) A intención, se for o caso, de organizar durante a inspección un ensaio segundo o especificado no artigo seguinte.

2. O xefe de inspección será o responsable da preparación da inspección física, para o cal contará coa colaboración do resto do equipo inspector ou persoal de apoio para garantir a eficiencia, precisión e coherencia das inspeccións.

Artigo 21. *Fase de realización da inspección física.*

1. O equipo de inspección manterá unha reunión inicial con representantes da autoridade de protección portuaria dirixida a explicar o alcance da inspección, a revisar o programa de inspección e, se for o caso, a acordar os detalles sobre a realización de ensaios.

2. Posteriormente, os membros do equipo de inspección levarán a cabo a inspección física, que poderá comprender, entre outras, as seguintes actividades:

- a) Revisión documental, na cal poderán acceder aos documentos e información que precisen, sen que en ningún caso se poida estender a datos que afecten a intimidade das persoas ou dereitos de terceiros.
- b) Visitas sobre o terreo para verificar as medidas de protección.
- c) Entrevistas co persoal que se considere de interese.
- d) Realización dalgún ensaio.

Os ensaios só se realizarán logo de notificación e acordo co oficial de protección do porto. Se for o caso, o oficial de protección da instalación portuaria farase cargo de todas as tarefas de coordinación necesarias para poder executalo.

3. No exercicio das actividades de inspección os membros do equipo de inspección irán debidamente acreditados.

4. A autoridade de protección portuaria velará por que o equipo de inspección estea acompañado en todo momento durante o desenvolvemento das inspeccións e poida acceder a todas as zonas que sexa preciso para realizar a inspección, facilitando o acordo, se for o caso, entre o xefe de inspección e o responsable da zona afectada para a realización da citada inspección, así como a toda a documentación relacionada coa protección marítima para o desempeño do seu labor.

5. As inspeccións desenvolveranse de forma que se obstaculice o menos posible a fluidez das operacións portuarias. En circunstancias excepcionais, a autoridade de protección portuaria e o equipo inspector poderán acordar a suspensión da inspección por

razóns de forza maior ou outros motivos xustificados e continuarán con ela tan pronto como a causa que motivou a suspensión estea corrixida.

6. O xefe de inspección comunicará de forma inmediata ao órgano competente para o desenvolvemento, implantación e aplicación do sistema de inspección calquera negativa, obstrución ou falsidade que se produza na comunicación da información requirida ou no acceso aos datos solicitados para a realización das actuacións de inspección.

7. O xefe de inspección informará sen demora o oficial de protección do porto de calquera incumprimento grave do Regulamento (CE) 725/2004, do 31 de marzo, ou do Real decreto 1617/2007, do 7 de decembro, que detecte no transcurso da inspección.

Artigo 22. *Fase de informe e seguimento da inspección física.*

1. Finalizadas as actividades inspectoras, e de acordo co previsto no número 1 do artigo 10, o xefe de inspección elaborará e asinará o informe de inspección que será remitido polo órgano ou organismo competente para o desenvolvemento, implantación e aplicación do sistema de inspeccións á autoridade de protección portuaria no prazo dun mes desde o termo da inspección.

No caso de inspección a unha instalación portuaria xestionada por unha entidade privada, a autoridade de protección portuaria remitirá á dita entidade os resultados da inspección nas cuestións do seu interese.

2. O órgano ou organismo competente para o desenvolvemento, implantación e aplicación do sistema de inspeccións notificará os incumprimentos ou deficiencias da protección marítima detectados durante a inspección ao Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria mediante a remisión do informe de inspección.

3. Asígnase unha das seguintes categorías a cada unha das indagacións contidas no informe:

- a) Conforme.
- b) Conforme, pero mellorable.
- c) Incumprimento.
- d) Incumprimento grave.
- e) Sen confirmar.

4. No prazo de dous meses a partir da data de recepción do informe de inspección, salvo no caso de que todas as indagacións sexan categorizadas como «conforme», a autoridade de protección portuaria deberá emitir unha resposta por escrito, incluíndo consideracións sobre as indagacións e recomendacións, establecendo un plan de actuación para remediar todas as deficiencias detectadas e especificando as oportunas medidas e prazos.

5. En caso de incumprimento ou incumprimento grave das disposicións do Regulamento (CE) 725/2004, do 31 de marzo, ou do Real decreto 1617/2007, do 7 de decembro, e despois de recibir a resposta da autoridade de protección portuaria, o xefe de inspección poderá adoptar calquera das medidas que se indican a seguir:

- a) Presentar observacións ou pedir máis información para aclarar a totalidade ou parte da dita resposta.
- b) Efectuar unha vixilancia ou inspección de seguimento para comprobar a aplicación de medidas correctoras se así o establece o Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria.

6. O órgano ou organismo competente para o desenvolvemento, implantación e aplicación do sistema de inspeccións deberá aplicar o procedemento que estableza o Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria relativo ao control documental dos informes.

Artigo 23. Inspeccións remotas.

1. As actividades de inspección remotas serán notificadas polo órgano ou organismo competente para o desenvolvemento, implantación e aplicación do sistema de inspeccións ás autoridades de protección portuaria cunha anticipación mínima dun mes, informando sobre o alcance destas, e deberán ser realizadas, igual que as inspeccións físicas, por un equipo de inspección debidamente acreditado.

2. Finalizada a actividade inspectora, igual que no caso das inspeccións físicas, o xefe de inspección elaborará e asinará o informe de inspección, que será remitido polo órgano ou organismo competente para o desenvolvemento, implantación e aplicación do sistema de inspeccións á autoridade de protección portuaria no prazo dun mes desde o termo da inspección. No caso de se detectar algún incumprimento, a súa continuidade poderá dar lugar a unha inspección física cos procedementos establecidos na presente orde.

3. O órgano ou organismo competente para o desenvolvemento, implantación e aplicación do sistema de inspeccións notificará os incumprimentos ou deficiencias da protección marítima detectados durante a inspección remota ao Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria, mediante a remisión do informe de inspección.

4. As inspeccións remotas que competen a Puertos del Estado levaranse a cabo mediante a revisión da documentación asociada ao sistema informático a que fai referencia a disposición adicional primeira do Real decreto 1617/2007, ou mediante o envío de cuestionarios específicos.

5. Resulta de aplicación aos informes das inspeccións remotas o establecido no número 6 do artigo anterior respecto ao control documental dos informes.

Artigo 24. Fase de análise.

O órgano ou organismo competente para o desenvolvemento, implantación e aplicación do sistema de inspeccións realizará o seguimento da execución das actividades planificadas co obxectivo de:

- a) Identificar desvíos na programación.
- b) Identificar os puntos máis relevantes das inspeccións levadas a cabo que permitan traballar nunha mellora continua (incumprimentos detectados, mellores prácticas identificadas, puntos de mellora detectados, etc.).

Disposición adicional primeira. Tratamento da información.

Os organismos e entidades, tanto públicas como privadas, deberán aplicar os procedementos que estableza o Comité Interministerial de Inspeccións de Protección Portuaria para manter a confidencialidade da información utilizada nas inspeccións contra accesos ou divulgación non autorizada.

Disposición adicional segunda. Incumprimentos relacionados coa protección de buques.

Cando no transcurso dunha inspección obxecto desta orde se detecte un incumprimento relacionado coa protección dos buques de calquera bandeira, comunicarse á capitanía marítima correspondente do porto de interese xeral.

Disposición adicional terceira. Non incremento de gastos de persoal.

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións, nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria única. Réxime sancionador.

De acordo coa disposición transitoria única do Real decreto 1617/2007, do 7 de decembro, até que se aprobe por lei un réxime específico sancionador en materia de

protección portuaria, en caso de incumprimento da normativa nesa materia aplicarase o réxime previsto no título IV, libro III do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, o título II da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno ou, cando corresponda, as normas reguladoras da seguranza pública.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente orde ministerial dítase ao abeiro das competencias que o artigo 149.1.20.^a e 29.^a da Constitución atribúe ao Estado en materia de mariña mercante e de seguranza pública.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 15 de novembro de 2018.—A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, Carmen Calvo Poyato.